

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE NÚM.: 2023/X999/000014

EXPEDIENTE DE DECRETO: 2323/G003/000035

PROCEDEMENTO: ACORDO DE FIXACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE TERMALISMO PARA A TERCEIRA IDADE. CONVOCATORIA 2023.

Vista a memoria de data 31/01/2023, na que se expón que o Concello ten previsto realizar o Programa de Termalismo para a terceira idade consistente en visitas ao Balneario Attica21 dende o mes de marzo ata o mes de xuño de 2023, cun total de 10 visitas, cuxo cronograma sería:

Mes de marzo: 6, 13, 20, 27

Mes de abril: 17, 24

Mes de maio: 8, 15, 22

Mes de xuño: 5

Total de visitas ao balneario: 10

Tendo en conta que o custo total da actividade ascende á cantidade de 5.715,00€.

Visto o establecido no artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades deportivas, culturais, recreativas e de ocio, publicada no BO P nº 19 de 29 de xaneiro de 2021:

“Artigo 4.- Contías

1.-O establecemento e contía do prezo público regulado nesa ordenanza será o que fixe en cada caso a alcaldía en atención ó custo dos mesmos.

2.-Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do servizo ou departamento responsable da prestación do servizo ou realización de actividades, na que se xustifique documentalmente:

O custo total da actividade ou servizo.

O número estimado de asistentes ou participantes.

O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o coste da actividade realizada. En todo caso, se o prezo a abonar polos interesados é inferior ó custo do servizo ou actividade nos termos regulados no artigo desta ordenanza, a proposta do servizo ou departamento responsable deberá incluír a previsión do seu financiamento.

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignarase nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

3. Acordadas as contías do prezo público de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a efectos da súa publicidade.”

Pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Acordar o carácter social da actividade e fixar o prezo público a aboar polos participantes na citada actividade. O prezo a abonar será de 30 € por cada un dos/as usuarios/as do programa.

SEGUNDO.- Expoñer este acordo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello a efectos da súa publicidade.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Mando e asínao, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, do que eu, como secretaria-interventora, dou fe.

O alcalde
Luis Lisardo Santos Ares

A secretaria-interventora
Alejandra. D Fandiño Sánchez